

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE DECEMBRO DE 2011

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/2111/2011.- RICARDO CASTRO RIOS S.L.- Construcción de vivenda unifamiliar lillada no lugar de Monte da Vila.

LIC/2035/2011.- CD CONSTRUCCION REHABILITACION Y REFORMAS SLU.- Instalación de ascensor na rúa de Touro 16.

LIC/845/2008.-MANUEL ESPASANDIN PEREIRO .- Rehabilitación de edificio para vivenda unifamiliar en Barrio de Guadalupe 6.

LIC/2189/2011.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO PALAS.- Instalación de dous ascensores na rúa do Penedo 5.

LIC/59/2010.- MARÍA COUSELO PICÓN.- Modificación da licencia de obras concedida pola Xunta de Goberno Local de 30-3-2010 para derruba de cobertizo, construción de novo cobertizo e garaxe na rúa dos Caraveis 28.

PARCELACIÓNS

LIC/783/2011.- JOSÉ ANTONIO PÉREZ ALLER.- Parcelación fincas sitas no Camiño Real de Angrois 87. (+)

LIC/1211/2011.- RAÚL VIQUEIRA MOSCOSO.- Parcelación parcelas 258 e 258.1 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria en San Martín de Laraño (+)

LIC/1142/2011.- JESÚS MALLOU NOYA.- Parcelación da finca número 25 en San Miguel dos Agros (+).

LIC/1864/2011.- GLORIA GÓMEZ GUERRA.- Parcelación de finca no lugar dos Abetos número 6 (+).

LIC/2039/2011.- FLORENTINO OTERO OTERO.- Parcelación de finca 368 do Plano de Concentración Parcelaria en Nemenzo-Marantes. (+)

LIC/412/2009.- MOSBREY, S.L.- Modificación da licencia de parcelación concedida na Xunta de Goberno Local de 6-10-2009 da finca número 30 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria en San Martiño de Laraño (+)

LIC/1726/2011.- MANUEL OUTÓN LIMERES.- Parcelación na rúa de San Marcos, 31, Sunp 31. (+)

5.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa a axudas de carácter social.

A XGL aprobou diferentes axudas de carácter social por un total de 1.424 €.

6.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

38.- Propostas das concelleira delegada de Facenda relativas a resolución de recursos de reposición.

Resólvense os recursos.

39.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Comercio, Turismo e Mercados relativa á resolución de recurso de reposición.

A XGL desestimou o recurso de reposición interposto pola Asociación de Empresario e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental relativa á aprobación da concesión de subvencións para a realización de actividades de promoción e dinamización comercial no Concello de Santiago para o ano 2011.

40.- Proposta da concelleira delegada de Persoal e Réxime Interior relativa á aprobación do Manual de Autoprotección, Emerxencias e Evacuación para o Centro Sociocultural de Vite.

A XGL aprobou o Manual de Autoprotección, Emerxencias, e Evacuación do Centro Sociocultural de Vite José Saramago, incluído o procedemento de actuación previsto en caso de emergencia e a estrutura e organización humana de autoprotección prevista no Manual.

41.- Incorporación no ano 2011 dun novo taxi accesible en cumprimento do acordo da XGL do 11.11.2008

A XGL unha vez que a Concellería de Tráfico realizou os trámites correspondentes, aprobou a proposta para adscribir o titular da licenza 73 de Taxi como vehículo accesible e outorgar unha prórroga para a efectiva incorporación do vehículo ata o 10 de xaneiro de 2012.

42.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Tráfico relativa á solicitude ao IDAE dunha axuda para substitucións de ópticas de semáforos á nova tecnoloxía.

A XGL aprobou a solicitude ao IDEA (Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía) para axudas para a substitución de ópticas de semáforos e tecnoloxía LED dirixido a concellos co fin de obter un aforro enerxético.

43.- Proposta da concelleira delegada de Turismo relativa á solicitude a INCOLSA do importe correspondente ao 30% da achega provincial prevista no convenio para financiar o Plan de Competitividade Turística.

Deuse conta á XGL da resolución da Deputación da Coruña pola que se aproba o segundo pago correspondente ao 30% da achega provincial vinculada ó Convenio coa Deputación por un importe de 94.227,98 €. Así mesmo aprobouse a solicitude desta cantidade a favor de INCOLSA.

44.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á creación do Rexistro Auxiliar de Urbanismo.

A XGL aprobou a creación dun Rexistro Auxiliar de Urbanismo co fin de axilizar trámites neste departamento de cara a que os cidadáns non teñan que esperar máis tempo que o necesario. Os cidadáns por este Rexistro poderán presentar declaracións responsables, comunicacións previas, solicitudes de información urbanística e de licencias de obra menor.

45.- Adxudicación do contrato de arrendamento de equipos de iluminación pública navideña e instalación nas rúas e prazas do Casco Histórico e do Ensanche durante as festas de Nadal 2011

A XGL aprobou a adxudicación de “Arrendamento de equipos de iluminación pública navideña e instalación nas rúas e prazas do Casco Histórico e do Ensanche durante as festas de Nadal 2011”, á Empresa Iluminaciones Santiaguesas S.L., por un importe de 61.271,50 €.

46.- Adxudicación do contrato de Servizo de xestión e desenvolvemento de NADALXOGO 2011: programa municipal de conciliación do Concello de Santiago

A XGL adxudicou á empresa ACTEXGA S.L. o “Servizo de xestión e desenvolvemento de NADALXOGO 2011: programa municipal de conciliación do Concello de Santiago”, por un importe de 35.931,59 €.

47.- Aceptación da subvención da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña para contratación de traballadoras desempregadas.

Acéptase a subvención por importe de 95.428,80 € (O Concello achega 1.605,34 euros)

48.- Aceptación da concesión da subvención complementaria da Dirección Xeral de Formación e Colocación para a posta en marcha do programa integral Emprego-Santiago.

Acéptase a subvención por importe de 129.515 euros (O Concello achega 19.426 euros) .

49.- Proposta da concelleira delegada de Facenda, relativa á desestimación dun escrito de CESP.A.

A XGL desestimou o recurso presentada pola empresa concesionaria para o mantemento dos Parques e Xardíns, CESP.A, relativo á reclamación feita por esta por un importe de 8.863,86 € correspondentes ó incremento do tipo impositivo de IVE a partires do 1 de xullo de 2010.

50.- Proposta da concelleira delegada de Facenda, relativa á desestimación dun escrito de SERMASA.

Polo mesmo motivo mencionado no caso de CESP.A, a XGL desestimou o recurso presentado por SERMASA, Servicios y Materiales S.A.

51.- Proposta dos concelleiros delegados de Educación e Centros Socioculturais relativa ao reparto das subvencións concedidas pola Deputación da Coruña para actividades educativas e culturais e infraestructuras e equipamento cultural.

A XGL aprobou a proposta do reparto da subvención concedida pola Deputación de A Coruña destinada a actividades educativas e culturais e infraestructuras e equipamento cultural. O importe da subvención distribúese da seguinte forma:

--Para infraestructuras e equipamento cultural: 24.997,28 €.

--Para actividades educativas e culturais: 35.797,57 €.

52.- Aprobación do programa de "desenvolvemento de actividades de dinamización comercial en rúa Nadal 2011" e aprobación de contrato menor.

A XGL aprobou o programa "Actividades de dinamización comercial en rúa Nadal 2011" e adjudicou o contrato para o seu desenvolvemento a SUGEMA S.L., por un importe de 19.116 €.

53.- Aprobación do Convenio Marco de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e Telefónica de España para o impulso da innovación e as novas tecnoloxías.

Apróbase o devandito convenio.

54.- Aprobación de diversos Convenios.

Apróbanse convenios co Club Arteal Tennis de Mesa (11.050 euros), co Club Baloncesto Pío XII (15.470 euros), coa praza de Abastos (6.000 euros) e con Cáritas (17.000 euros),

55.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa ao convenio de colaboración para axuda aos gastos de mantemento da oficina municipal de rehabilitación-portelo único de vivenda.

Apróbase o devandito convenio.

URXENCIAS

- Amplíase o horario dos negocios de hostelería nunha hora os días 23, 24, 25, 30, 31 de decembro e 1,5 e 6 de xaneiro.